


MISA CON NENOS

21 de novembro de 2021

Ordinario 34º-B, Cristo Rei

Xoán 18, 33-37:

“Son rei, pero o meu Reino non é deste mundo”.



1. ACOLLIDA

Monitor:

Amigos e amigas: Chegamos hoxe ao último domingo do tempo ordinario celebrando a Cristo como Rei do Universo. Dicir que Cristo é o noso Rei queremos dicir que el é o máis importante para nós, que é centro das nosas vidas, que o miramos constantemente e acudimos a el.

Que esta eucaristía sexa un dar grazas polo que Xesús nos dá, pola luz e forza que nos transmite. E que, cun corazón misericordioso como o seu, sigamos construíndo o seu reino de paz, de xustiza, de vida e de amor.

SAÚDO SACERDOTE: *O Señor Xesús, que quere reinar no noso corazón, sexa con todos vós...*

2. PETICIÓN DE PERDÓN

Sacerdote: *A nosa vida debería loar e servir a Xesús Rei, pero ás veces servímonos a nós mesmos. Pedimos perdón.*

- **Pais:** Ti, que por amor deches a vida por nós. *Señor, ten piedade de nós.*
- **Catequista:** Ti, que por amor perdoas os nosos pecados. *Cristo, ten piedade de nós.*
- **Neno-Nena:** Ti, que queres que convertamos o noso corazón. *Señor, ten piedade de nós.*

Sacerdote: *Deus que nos coñece e nos perdoa teña misericordia de nós e nos reúna algún día na vida eterna.*



3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

Na primeira lectura o profeta Daniel anúncianos a Xesús cuxo “reino non terá fin”.

No evanxeo, Xesús ante Pilato declárase rei pero aclara que o seu reino non é como o dos reis deste mundo, el é un rei servidor que dá a súa vida para salvarnos.

No libro da Apocalipse descubrimos a Xesús como o camiño a seguir por todos nós se queremos seguir construíndo o seu reino e vida, de amor e de paz.

LECTURAS

DANIEL 7, 13-14: *O seu poder é un poder eterno.*

Seguín mirando. E na miña visión nocturna vin vir unha especie de fillo de home entre as nubes do ceo.

Avanzou cara ao ancián e chegou ata a súa presenza. A el déuselle poder, honor e reino. E todos os pobos, nacións e linguas servírono.

O seu poder é un poder eterno, non cesará. O seu reino non acabará.

Palabra do Señor.

SALMO 92 R/. *O Señor reina, vestido de maxestade.*

APOCALIPSE 5, 1-8:

O príncipe dos reis da terra fíxonos reino e sacerdotes de Deus.

XOÁN 18, 33b-37: *Ti o dis: son rei.*

Narrador: Naquel tempo, Pilato díxolle a Xesús:

Pilato: -«Es ti o rei dos xudeus?».

Narrador: Xesús contestoulle:

Xesús: -«Dis iso pola túa conta ou dixéroncho outros de min?».

Narrador: Pilato replicoulle:

Pilato: -«Seica son eu xudeu? A túa xente e os sumos sacerdotes entregáronte a min; que fixeches?».

Narrador: Xesús contestoulle:

Xesús: -«O meu reino non é deste mundo. Se o meu reino fose deste mundo, a miña garda loitaría para que non caese nas mans dos xudeus. Pero o meu reino non é de aquí».

Narrador: Pilato díxolle:

Pilato: -«Entón, ti es rei?».

Narrador: Xesús contestoulle:

Xesús: -«Ti o dis: son rei. Eu para isto nacín e para isto vin ao mundo: para dar testemuño da verdade. Todo o que é da verdade escoita a miña voz».

Palabra do Señor.

(Narrador-Pilato-Xesús)

4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

Sacerdote: Cremos que Deus escoita sempre a nosa oración, por iso presentámosalle as necesidades do mundo. E pedímoslle:

Todos: *-Ti es o noso Rei. -Que construamos o teu Reino de amor.*

1.- Pola Igrexa, para que non se separadamente de Xesús e estea chea de amor a todos. *Oremos.*



Misa con nenos
-21-Ord-B-34-Rei G dc

2.- Para que o reino de Deus esténdase polo mundo cada vez más. *Oremos.*

3.- Polos crentes, para que imitemos os pasos daquel que non veu ser servido senón a servir. *Oremos.*

4.- Para que Xesús, o que "pasou facendo o ben" e humillouse pasando por un de tantos" sexa o noso modelo, o noso guía, o noso rei e a nosa forza. *Oremos.*

5.- Para que o noso corazón sexa sinxelo cálido, bo, como o de Xesús. *Oremos.*

6. Polos que padecen dor ou pobreza, para que nos comprometamos con eles ofrecéndolles nosa misericordia. *Oremos.*

7.- Polos nosos defuntos, para que Cristo, Rei de Amor, acóllos no seu Reino, no seu colo de tenrura e misericordia. *Oremos.*

Sacerdote: *Conta connosco, Señor, para construir un mundo mellor. Por XCNS. Amén.*



5. PROCESIÓN DE OFRENDAS

- UNHA COROA DE ESPIÑAS E UNHA ALMOFÍA CON AUGA:

Neste día de Cristo Rei, con esta coroa de espinas e esta almofía con auga queremos simbolizar que o reinado de Xesús, leva consigo a entrega, darnos aos demais, poñernos en actitude de servir. Non podemos lavarnos as mans ante as necesidades dos demais.

CAXATO:

Ademais, con este caxato, queremos simbolizar a autoridade de Xesús. A súa Palabra, a súa presenza, os seus consellos, as súas orientacións, son para nós unha guía, luz e forza para segui-lo hoxe. El é o noso rei, non nos apartemos nunca del. Adorémolo e sirvámolo no irmán pobre.

PAN E O VIÑO:

Finalmente, co pan e o viño, queremos dar grazas a Deus porque, o seu reino, sempre nos trae o alimento necesario para vivir como persoas e como cristiáns. Que nunca nos falte o pan da Eucaristía.



7. SUXESTIÓNS:

- O evanxeo fálanos de reis e reinos. Nunha cartolina poñemos “Se eu fose rei?”. Os nenos escriben cousas que farían: leis, desexos, accións... Logo explicámossalles que o Reino de Deus é un reino de amor, de servizo, de entrega, de detalles cos demais. Comparamos agora o que escribimos antes: se coinciden rodeámolo cun círculo, se non coinciden tachámolo. Sacamos conclusións se estamos no camiño do Reino ou non, como sería é mundo se o fixésemos todos, etc.

- Con cartolina facemos unha coroa grande. Cada neno vai pegando nela un corazón mentres len: “Dar a Xesús unha coroa de ouro, é pouca cousa. Dar a Xesús unha coroa de espinas, non o merece. Imos darrlle unha coroa de amor, o noso amor representado nestes corazóns, porque o amor con amor se paga”.

- Dialogamos sobre que habería que fazer para que os pobres sexan a coroa da nosa cabeza (acordémonos máis deles) e do noso corazón (amémolos).



ORACIÓN DE GRAZAS

Que veña o teu Reino

Noso Pai que estás e reinas no ceo,
que estás tamén e queres reinar na terra;
axúdanos a ser e vivir como irmáns.

Que o teu nome sexa bendito, santificado, respectado;
que todos te coñezan, e que nós che deamos
a coñecer na nosa vida.

Que veña o teu Reino: que veña a xustiza,
a solidariedade, a paz;
que ninguén morra de fame, nin de sede, nin de odio;
que ninguén sexa explotado, oprimido,
que ninguén sexa excluído, marxinado, discriminado.

Que veña o teu Reino, o teu Espírito,
e se apropie dos nosos corazóns
e empece neles a reinar con forza,
para que nos empeñemos xa en facer a túa vontade
na terra, como se fai no ceo; para que anticipemos xa no
chan o reino de solidariedade que hai no ceo. **AMÉN.**

José E. Ruiz de Galarreta

FELIZ DOMINGO, DÍA DEL SEÑOR.

RED CATEQUISTAS GALICIA

“A CATEQUESE COMEZA NACASA...
E CONTINÚÁ NA PARROQUIA”.